

**1. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES DE LINGUA GALEGA E LITERATURA:**

|  |
|--|
| Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar  |
| Comprensión, interpretación e resumo de textos (escritos ou orais) propios dos medios de comunicación especialmente noticias de actualidade próximas aos intereses do alumnado, do ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). |
| Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade, con axuda das TIC.   |
| Valoración das producións orais emitidas cunha fonética correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.   |
| Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.  |
| Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir   |
| Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.   |
| Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, dos medios de comunicación, do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares.                    |
| Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información.   |
| Actitude reflexiva e crítica ante mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios.   |
| Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmos adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.  |
| Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.  |
| Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, dos medios de comunicación, e de textos de distintos xéneros.   |
| Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.   |
| Bloque 3. Funcionamento da lingua  |
| Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.   |
| A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a interferencias.  |
| Uso dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.  |
| Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega  |

|   |
|---|
| Análise e uso reflexivo da puntuación.  |
| Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos. |
| Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.   |
| Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas,...).   |
| Bloque 4. Lingua e sociedade  |
| Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural. A lusofonía.   |
| Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.   |
| Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego.   |
| Situación sociolingüística e legal das linguas de España.   |
| Prexuízos lingüísticos.   |
| Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.  |
| Bloque 5. Educación literaria.  |
| Lectura de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación.  |
| Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.   |
| Lectura expresiva e comprensiva de poemas, de textos narrativos breves, determinación da temática/s abordada/s e descrición dos valores estilísticos dos textos.  |
| Producción de textos sinxelos de intención estética.  |
| Familiarización co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, para a procura de información e resolución de dúbidas de traballo.   |

## 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### A. AVALIACIÓN INICIAL

Partiremos dunha avaliación inicial que nos permitirá detectar os coñecementos previos, os intereses e as actitudes do alumnado.

### B. AVALIACIÓN TRIMESTRAL

Para a elaboración da avaliación terase en conta o seguinte baremo:

**Valoración cualitativa do proceso individual: Interese e traballo diario, caderno e uso oral da lingua.**

Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente :

**Interese ante a materia e traballo diario: (10% da nota total da avaliación).**

- Seguimento das instrucións dadas polo/a docente.
- Corrección dos exercicios e actividades.
- Aproveitamento diario da clase.
- Realización de exercicios, no caso de seren marcados.
- Realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- Autonomía e iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade e resolver dúbidas.

**Revisión do caderno: (10% da nota da avaliación)**

- Estará identificado: nome, apelidos, curso e grupo.
- Presentación: limpeza, marxes.
- Organización: data, páxina, número de exercicio, actividade...
- Corrección: contido e ortografía.
- Estará completo (actividades marcadas polo profesor)
- Enunciados copiados.
- Exercicios corrixidos con outra cor.
- Recollerá os apuntamentos dados polo/a profesor/a.
- Virá acompañado das fichas entregadas.
- Entregado na data solicitada.

**Oralidade: (10% da nota total da avaliación).**

- Utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- Esfuerzo por mellorar a pronuncia e as estruturas gramaticais, así como a adquisición de novo vocabulario.
- Rexeitamento de prexuízos.
- Respectar a quenda de palabra.
- Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos compañeiros.
- Exposicións orais sobre temas propostos polo profesor ou profesora.
- Exames orais.

**Valoración cuantitativa do progreso individual a través de probas escritas (60% da nota total da avaliación).**

Ao longo de cada trimestre realizaránse, como mínimo, dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Esta(s) proba(s) sumará(n) á nota trimestral un 60%. As preguntas e exercicios que aparezan neses exames levarán ao seu carón a puntuación correspondente.

### **Lectura obrigatoria dun libro (10% da nota total da avaliación).**

O/a alumno/a escollerá un libro da escolma proporcionada polo/a profesor/a, sempre adaptada ao seu nivel, da que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba escrita, oral ou traballo escrito ou audiovisual ou ficha determinado polo docente. Desta proba valorarase:

- **Contido:** as respostas deben contestar de forma clara ao que se pide, sen lagoas nin información incompleta ou errónea. Tamén se poderá avaliar a opinión crítica de calquera aspecto relacionado con ese libro.
- **Expresión oral/escrita:** valorarase as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- **Ortografía:** esta debe seguir as normas ortográficas vixentes.

Se da corrección desa proba se deduce que o libro non foi lido, non se terá en conta para a cualificación da presente avaliación, aínda que haxa algunha pregunta ou apartado contestado correctamente.

### **Lectura voluntaria dun libro (sumará 0.50% puntos á nota media desa avaliación).**

Este libro voluntario será elixido desa escolma proporcionada e a comprobación da lectura do mesmo será a través dun traballo ou ficha escrita e unha proba oral.

|                              |              |
|------------------------------|--------------|
| PROBAS ESCRITAS              | 60%          |
| ACTITUDE E TRABALLO DIARIO   | 10%          |
| ORALIDADE                    | 10%          |
| CADERNO                      | 10%          |
| LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA | 10%          |
| LECTURA VOLUNTARIA           | 0.50% puntos |

## **C. RECUPERACIÓNS TRIMESTRAIS**

Todo o alumnado terá a posibilidade de recuperar as avaliacións suspensas cun exame escrito que recolla preguntas similares aos exames realizados nas avaliacións suspensas.

As recuperacións dataranse:

- A primeira avaliación e segunda avaliación serán recuperadas despois das vacacións de Nadal e Semana Santa, respectivamente.
- A terceira farase antes do exame final de xuño.

## **D. AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO**

- A nota da convocatoria ordinaria de xuño será a resultante da media aritmética das tres avaliacións. A media farase sempre coas notas máis altas: avaliación ou resultado das recuperacións.
- O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas non terá que facer unha proba final global.

- O alumnado que teña unha avaliación ou máis suspensas non terá que facer a proba global cando a media aritmética sexa un cinco ou superior a esta nota.
- Cando a nota media das tres avaliacións sexa inferior a cinco, o alumnado terá dereito a facer unha proba global que inclúa os estándares impartidos en todo o ano académico. A nota a partir da que se considera aprobado o curso é de 5 puntos e a actitude do alumno ante a materia nin sumará nin restará.

## E. AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

A nota que figurará no boletín procederá exclusivamente dun exame escrito que conteña preguntas por un valor total de 10 puntos. Cada unha levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde e que poderá non ser a mesma para todas as cuestións. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos en dito exame.

## F. OUTRAS ESPECIFICACIÓNS

- Nas diferentes probas escritas que se realicen ao longo do curso tamén se terá en conta a corrección lingüística, polo que poderá afectar sobre a cualificación dos exames cando se faga un **uso inadecuado de grafías alleas** ao galego como “y” ou “j,” **maiúsculas, minúsculas, reescribir mal palabras** que aparezan nos enunciados, **uso de tempos verbais compostos** ou **confusións entre “b, v, h, s, x,” colocación do pronome átono** ao comezo de oración e acentuación. Polo que se descontará **0.1** por cada **dous erros** reseñados arriba. No caso de ser faltas de **acentuación**, descontarase, tamén, **0.1** por **catro erros**.
- Só se repetirá un exame ante unha causa debida e documentalmente xustificada. Se a falta de asistencia non é xustificable, a cualificación que se lle outorgará a esa proba para establecer a nota media será cero.
- Aquel alumnado ao que se sorprenda copiando nun exame, independentemente da sanción imposta pola Dirección do centro, será cualificado cun cero na dita proba.

## OBXECTIVOS DE CURSO

Os obxectivos específicos a lograr en 1º de ESO están asociados ao currículo desta materia, dividida en cinco bloques de contidos: Comunicación oral (falar e escoitar), Comunicación escrita (ler e escribir), Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade e Educación literaria. A seguir os mesmos:

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. Escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.

4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.

27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.